



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 27 DE AGOSTO DE 2018

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á modificación da solicitude inicial da participación do Concello no POS + Adicional 1/2018, por maior achega da Deputación Provincial da Coruña. Acórdase modificar a solicitude inicial para incorporar a solicitude de financiamento da Deputación da Coruña con cargo ao POS + Adicional 2018 para a actuación de posta en valor do entorno residencial e acceso ao conxunto parroquial da Barciela, por un importe de 141.683,02 euros. O Concello achegará 43.620,74 euros a esta actuación.-

3.- Proposta da concelleira delegada substituta de Educación e Cidadanía relativa á prórroga do contrato de xestión do servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS. Acórdase prorrogar o citado contrato polo prazo dun ano a contar desde o 1 de setembro de 2018 ata o 31 de agosto de 2019.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática con competencias en Enerxía, relativa á aprobación da reactualización dos gastos do contrato de subministro de enerxía eléctrica en baixa e media tensión do Concello de Santiago de Compostela para 2018. Apróbbase a proposta.